

CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DA XUNTA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA, PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DE MONTECELO E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS.

En Pontevedra, 30 de maio de 2005

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. José Manuel González Álvarez, actuando en representación do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de presidente e no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e no artigo 3 do Decreto 13/2005, do 3 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade co establecido no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, o Ilmo. Sr. D. Rafael Louzán Abal, actuando en nome e representación da Deputación provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente da mesma e no exercicio das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte o Ilmo. Sr. D. Miguel Anxo Fernández Lores, actuando en nome e representación do Concello de Pontevedra, en virtude da súa condición de Alcalde - Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

As partes que interveñen recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para isto,

EXPOÑEN:

I.- Que o Servizo Galego de Saúde está a executar as obras do Plan Director do Hospital de Montecelo, que responde a un estudio integral das necesidades asistenciais, dos recursos existentes e das melloras que é preciso introducir para acadar un nivel de calidade óptimo no centro hospitalario. É un proxecto de grande envergadura que va máis alá dunha simple remodelación, buscando unha renovación total dos recursos, ampliando as instalacións, introducindo innovacións tecnolóxicas e mellorando os accesos para garantir unha asistencia máis eficaz e próxima á poboación afectada.

O Plan contempla varias fases, estando na actualidade próximo o remate das obras correspondentes á Fase III, acadando un investimento acumulado de aproximadamente 57 millóns de euros. Unha vez se execute a totalidade da Fase III, resultará necesario, de acordo coas programacións do organismo, abordar as obras previstas na Fase IV do Plan Director, que vai dotar ao centro hospitalario de 250 camas novas e completar as necesidades de servizos centrais.

Ao tempo que se executaban as fases anteriores, SERGAS e Concello, veñen debatendo acerca da situación e características da edificación, da obtención dos terreos, a dotación complementaria de espazos e das infraestruturas de servizos.

O pasado mes de marzo, acadouse un acordo en relación cos aspectos anteriores, o que permite conxugar as necesidades do servizo asistencial coas cuestións urbanísticas nas que o concello é competente.

Unha vez consensuadas as condicións urbanísticas e acadados os compromisos de colaboración entre as partes – a Deputación Provincial faise cargo da construcción do vial, e o Concello asume a expropiación dos terreos e a dotación de servizos– só queda elixir a figura urbanística que permita acadar o obxectivo de execución do proxecto no menor tempo posible.

II.- Tendo en conta que tanto as obras do Plan Director, como os viais, terreos e servizos, non están contemplados no planeamento urbanístico do Concello de Pontevedra, e que pola súa propia natureza, necesitan ser acometidas con carácter inmediato, cómpre buscar unha solución que posibilite a súa execución, acudindo a outras figuras previstas na normativa vixente en materia de ordenación do territorio, que exceden do eido puramente urbanístico, xustificándose pola importancia e especiais características da prestación asistencial no ámbito da atención especializada, que transcende do ámbito municipal no que se localiza. A figura elixida é a do Proxecto Sectorial de

Incidencia Supramunicipal: ampliación de Montecelo e dotación de infraestruturas e servizos. Esta solución parte sempre do común acordo entre as Administracións, a fin de minimizar os eventuais prexuízos que puideran ocasionarse e aglutinar esforzos para a consecución do fin previsto.

III.- Que o Servizo Galego de Saúde, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra, consideran de vital importancia este proxecto, pola súa incidencia no interese público, e para isto, todas elas poñerán os medios necesarios para levalo a cabo coa maior urxencia posible.

IV.- Conscientes da dita necesidade as partes que interveñen acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante a execución deste proxecto, é necesario establecer as bases que rexerán a cooperación entre o Servizo Galego de Saúde, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de cooperación entre o Concello de Pontevedra, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Servizo Galego de Saúde, para a ampliación do hospital de Montecelo e a dotación de infraestruturas e servizos.

Segunda.- Unha vez que se aprueba o proxecto sectorial, o Concello de Pontevedra comprométese a obter os terreos necesarios para proceder á ampliación do Hospital de Montecelo, comprometéndose a sufragar os custos que se deriven de dita actuación. Así mesmo, comprométese a ceder ditos terreos gratuitamente e libres de cargas e gravames, ao Servizo Galego de Saúde. No plano topográfico e na proposta consensuada polas partes, dos que se acompaña copia, sinálanse os terreos necesarios.

No caso de que considerara que a obtención dos terreos por expropiación forzosa, se axilizase realizándose a iniciativa do SERGAS, o Concello asumirá o importe que excede da cantidade que correspondería ao organismo autónomo de acordo co estipulado na cláusula décima deste convenio.

Terceira.- O Concello de Pontevedra incluirá no plan xeral de ordenación municipal, que se está a tramitar, unha reserva de espazo dotacional no entorno do Hospital de Montecelo, en previsión de futuras ampliacións de equipamento que poidan ser necesarias, cunha superficie suficiente para permitir un volume de edificación futura non inferior a 50.000 m².

Cuarta.- O Concello de Pontevedra obrígase a completar a dotación de espazo destinado a aparcadoiros segundo as necesidades reais e nunca por debaixo das esixidas na normativa urbanística. A tal fin, o Concello adquirirá os terreos precisos que serán incluídos na reserva de espazo dotacional no entorno do hospital, a contemplar no plan xeral de ordenación municipal que se está a tramitar.

A execución deste aparcadoiro deberá tramitarse de xeito inmediato a que se aprube o plan xeral.

Quinta.- O Concello de Pontevedra levará a cabo a execución das infraestruturas urbanísticas precisas que garantan os servizos necesarios para a ampliación do hospital, en concreto o abastecemento de auga e o saneamento.

A execución destas infraestruturas deberá concluir con anterioridade á finalización da ampliación do hospital co obxecto de garantir a súa posta en funcionamento.

Sexta.- O Concello de Pontevedra levará a cabo as actuacións necesarias para dotar ao hospital de tódolos servizos públicos relacionados co mesmo e porá a disposición do SERGAS a posibilidade de utilizar o circuito de recollida de lixo municipal co custo establecido para o propio Concello.

Sétima.- A Deputación Provincial de Pontevedra manterá a disposición dos usuarios do Servizo Galego de Saúde a superficie que ten destinada actualmente a aparcamento ata a posta en funcionamento de novos espazos de aparcamento no entorno do hospital.

Oitava.- A Deputación Provincial de Pontevedra executará a solución da circulación viaria prevista no proxecto sectorial. No plano adxunto identifícase o trazado do vial proxectado.

Novena.- O Servizo Galego de Saúde comprométese a realizar os trámites necesarios para a aprobación dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, así como a executar as obras de ampliación da Fase IV do Hospital de Montecelo.

No proxecto sectorial, ademais das determinacións propias deste tipo de instrumentos, figurará a relación de bens e dereitos afectados e a súa valoración, para os efectos expropiatorios subsecuentes.


Na tramitación do proxecto sectorial, calquera das partes poderá propoñer cantas modificacións estimen oportunas, sempre que cumpran os requisitos para a súa incorporación e non demoren nin paralicen a tramitación do expediente principal.

Décima.- As obras non estarán suxeitas a licenza municipal de obras por estar comprendidas nun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de marcado carácter territorial de promoción pública. Non obstante o Servizo Galego de Saúde contribuirá economicamente co Concello para fazer fronte ao custo da obtención dos terreos, ata o importe equivalente ao que ascendería a taxa municipal da licenza de obras e o Imposto de Construción, Instalacións e Obras das fases do Plan Director que non foron liquidadas.

Por outra banda, o Concello de Pontevedra comprométese a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios do pago do imposto sobre bens inmóveis, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado como é a recollida do lixo.

Décimo primeira.- Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste Convenio así como que resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables.



A comisión reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

Décimo segunda.- O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura, e estará vixente ata o estrito cumprimento de tódolos seus termos.

Décimo terceira.- O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento poderá dar lugar a resolución do mesmo e no seu caso, a indemnización dos danos e prexuízos causados.

Décimo cuarta.- Este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que subscriven suxeitas á xurisdición contencioso- administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.

Así queda redactado o presente convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecientes, por cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados ó inicio.



Asdo.: José Manuel González Álvarez.

**POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE PONTEVEDRA**

Asdo.: Rafael Louzán Abal.

POLO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Asdo.: Miguel Anxo Fernández Lores.